

# BASES

## IX TORNEO XADREZ DANI DA ROCHA PROL

### VALEDEIRO PARA O XV CIRCUÍTO GALEGO DE XADREZ PROMOCIÓN

<b>Organizador do torneo:</b>	Club de Xadrez Laroca
<b>Data:</b>	Sábado 11 de Xuño de 2022
<b>Lugar de xogo:</b>	Pavillón Deportivo de Panxón (Nigrán)

#### Categorías:

<b>Sub - 8 "Promesas":</b>	Nados nos anos 2014 e posteriores
<b>Sub -10 "Benxamín"</b>	Nados nos anos 2012 e 2013
<b>Sub -12 "Alevín"</b>	Nados nos anos 2010 e 2011
<b>Sub -14 "Infantil"</b>	Nados nos anos 2008 e 2009
<b>Sub -20 "Xuvenil"</b>	Nados nos anos 2002 e posteriores

- **Sistema de xogo:**

Suízo a 7 roldas, elaborado co programa informático Vega.

Non se admitirán reclamacións aos emparellamentos, agás erro na introdución manual de resultados.

- **Ritmo de Xogo:**

Sub-8 e Sub-10: 20 minutos finish

Sub-12, Sub-14 e Sub-20: 15 minutos + 5 seg/mov

- **Horario de competición:**

**Confirmación de inscrición:** A partir das **10:30** horas.

**Roldas:** **11:00, 12:00, 13:00, 16:00, 16:50, 17:40, 18:30** horas.

**Entrega de Premios e Clausura:** **19:30** horas.

- **Inscrición:**

Prezo: Entrega voluntaria no Banco de Alimentos que instalaremos no torneo. Invítase a todos os participantes, país e acompañantes a colaborar con esta iniciativa para acadar a maior cantidades posible de alimentos. Xadrez solidario.

Inscrición na web <http://www.xadrezlaroca.gal>, ou no correo [info@xadrezlaroca.gal](mailto:info@xadrezlaroca.gal)

Todos os xogadores participantes deberán estar federados para a Temporada 2022. Para calquera dubida ao respecto contactar no correo [info@xadrezlaroca.gal](mailto:info@xadrezlaroca.gal) ou no teléfono: 667503572 (Agustín)

- **Prazo de inscrición:**

Ata o Xoves 9 de Xuño ou ata chegar a 200 xogadoras/es por orde de inscrición.

- **Desempates:**

1ª.- Encontro directo.

2ª.- Buchholz medio.

3ª.- Buchholz total.

4ª.- Progresivo ata as últimas consecuencias.

5ª.- Sorteio.

- **Xogadas ilegais:**

Tres xogadas ilegais suporán a perda da partida.

Non se incrementarán tempos por xogadas ilegais.

- **Inicio das partidas:**

Á hora indicada para o inicio da rolda, poranse en marcha os reloxos d@s xogador@s que teñen as pezas brancas. O tempo máximo permitido de retraso é ata a caída de bandeira.

Un xogador que non comparece á súa partida sen causa xustificada darase de baixa no torneo. O motivo da ausencia debera notificarse á dirección do Torneo antes de publicar a seguinte rolda.

Para o non especificado nestas bases aplicarase o regulamento FIDE de Xaneiro de 2018.

- **Premios:**

Trofeos para os cinco primeiros clasificad@s de cada categoría.

Trofeo para o xogador ou xogadora local mellor clasificado/a (Non acumulable).

- **Agasallos:**

Todos os xogadores e xogadoras que rematen o Torneo obterán trofeo e participarán nun sorteo de agasallos (consultar na web do Club).

Os delegados de cada club e os xogadores inscritos autorizan á organización do torneo, á difusión de información ou utilización das imaxes ou do nome do equipo e dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidade e memorias da competición, sempre que no represente menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos intereses e sempre dentro do marco legal que fixa o Código Civil, a Lei de Procesamento Civil e a Lei Orgánica 15/99, do 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal..

**Dirección do Torneo:** Xosé Manuel Fernández Rodríguez e Agustín Álvarez González.

**Árbitro principal:** AA Patricio Salgado Alonso.

**Árbitros auxiliares:** AAB Juan Manuel Repesa Garazo, AAB Francisco Javier Vázquez Alonso.

A Organización resérvase o dereito a modificar estas bases sen máis aviso cá súa publicación na web:

<http://www.xadrezlaroca.gal>

